

Ferrol, 3 de setembro de 2021

## SERVIZO DE COMEDOR

Co noso agarimoso saúdo, temos a ben indicarlles que este ano o servizo de comedor será prestado pola empresa **JARDANAY**. Os menús estarán publicados na páxina Web do colexio. Se algún neno/a, por prescrición médica, necesítase algún menú especial teríase en conta.

Durante todo o curso o comedor funcionará de 14 a 15:45, momento no que o alumnado será recollido pola porta principal da rúa Pardo Bazán.

Dada a situación na que nos atopamos teremos dúas modalidades:

- Comida no comedor.
- Comida para levar. Refrixerada e envasada especialmente para este fin. **Por prevención de riscos, sempre que sexa posible, recomendamos esta modalidade.**

O importe deste servizo será o seguinte:

- Todo o mes: LUNS A VENRES : 110 €
  - O importe será domiciliado.
  - Se o alumno/a non utiliza o servizo algúns días do mes, non se devolverá o custo da comida, agás casos excepcionais de enfermidade prolongada.
- Un día: 6,50 €.

Para reservas enviar correo a [adferrol@sallep.net](mailto:adferrol@sallep.net) ou mensaxe en Sallenet a María Teresa Martínez Vilaríño poñendo no asunto da mensaxe COMEDOR. Datos a indicar:

- Todo o mes:
  - Nome do/a alumno/a.
  - Curso.
  - Mes ou meses que utilizará o servizo.
  - Modalidade de comida. No comedor ou para levar.
- Días soltos (reserva antes das 9,00). Dependerá do aforo do comedor.
  - Nome do/a alumno/a.
  - Curso.
  - Día/s que utilizará o servizo.
  - Modalidade de comida. No comedor ou para levar.

**UNHA VEZ RECIBIDA A RESERVA DAREMOS CITA PARA QUE FACILITEDES OS DATOS BANCARIOS.**

**No caso de impago do servizo ou non cumprir a normas especificadas, perderase de modo inmediato o dereito a usalo.**